

Algúns poucos deron fuxido e agora reconstrúen o pasado. Para eles somos un trámite molesto, un xesto de noxo. Non os odiamos, ás veces queremos ser o eco das súas maldicións.

Mario Regueira.

Comezo con esta cita de *Tanxerina*, primeiro libro de poesía de Mario, galardoado co XVIII Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parellé. Grazas a este libro coñecín a Mario aló polo 2005. Malia sermos os dous de ferrolterra, da mesma franxa de idade: tocounos vivir moi de preto a reconversión industrial, non coincidiramos ata que el recibiu este premio en Fene.

Pero non foi este nin o seu primeiro premio, nin o seu primeiro libro, en narrativa publicou, porque escribir seguro que escribiu moitos máis ou anda niso: *Rebelión no inverno*, *L'affiche rouge* e *Outono aquí*, Premio Lueiro Rei de novela curta; en poesía: *Tanxerina* e *Blues da crecente*, Premio de Poesía Johán Carballeira; en ensaio: *Lois Pereiro. Unha persecución* e participou nas obras colectivas: *Letras novas*, *En defensa do poleiro*, *Vivir un soño repetido*. Homenaxe a Lois Pereiro, Urbano. Homenaxe a Urbano Lugrís e *A cidade na poesía galega do século XXI*. Ademais colabora en publicacións como *Citania*, *Dorna*, *Nova Ólisbos*, *Grial*, na Revista das Letras do Galicia Hoxe, Cartafol de Libros de Vieiros e en Sonotone e forma parte activa do proxecto editorial Estaleiro Editora, podemos presupoñer de onde saíu o nome da editora. Ademais mantén moi activa unha bitácora, *o porto dos escravos*, de consulta necesaria se queremos ter unha opinión crítica do que está a acontecer no mundo e topar referencias literarias ben valiosas.

Que dicirvos do libro que vimos presentar hoxe: *Outono aquí*? O primeiro darlle os meus sinceros parabéns polo libro, polo premio e pola posibilidade que nos brinda aos máis de lelo.

Se fose filóloga como o Mario que é licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago e diplomado en Dereito pola mesma universidade, podería devirvos a nivel formal que Mario posúe un dominio e uso da nosa lingua brillantes; dentro da normativa, achégase máis ao padrón portugués, algo do que gosto enormemente e que é de agradecer dado o enorme grao de españolización que padece o noso idioma. Describe con gran detalle cada escena, reparando en non esquecerse de destacar nada, pero aínda así deixa gran marxe ao lector para imaxinar, recrear os mundos aos que nos transporta. Domina tamén a técnica e os recursos literarios ao seu antollo, de feito cóntanos a historia indo e vindo do presente ao pasado, de Gante a Galiza, misturando con excelencia as dimensións temporais e espaciais, os diferentes narradores, dun xeito tan doado que nin sentes as transicións nin os quilómetros percorridos, e ata se fan necesarias para entender o que sucede, a vida dos personaxes...pero todos estes recursos están ao servizo da construción da mensaxe. Máis como non son filóloga, non vos vou dicir nada do seu estilo nin da forma da novela, nin das reflexións que fai; intúo que por deformación profesional, sobre o uso das e da nosa e das implicacións políticas e culturais que ese feito conleva.

Cal é a mensaxe? Non vou desvelar gran cousa da trama máis aló do que xa sabedes ou podemos ler na lapela ou na rede, porque me interesa que merquedes o libro e construades o voso propio *Outono aquí*, lle deades a vosa propia lectura, porque é un libro que garda moitos segredos e un impáctante final e que non vou ser eu quen volos conte.

Mario fálanos dun reencontro entre dous irmáns orfos, Xoán e Guillermo, da aldea e o do triunfo da urbe, da globalización e da alienación, de como te desarraigas, de que xeito perdemos as raíces e do complexo que é construír unha nova identidade a cabalo entre

dous mundos, da guerra que non vivimos, que nos contaron tantas veces, pero da que padecemos aínda hoxe as consecuencias. Tamén hai espazo para a violencia, para o amor e o desamor, o sexo vivido con liberdade, para os odios, os rancores, a incompreensión, da dor, da enfermidade, da morte, da mentira e das miserias e ruindades humanas e non só das que teñen que ver cos cartos....

Hai unha forte presenza do contraste, de espazos, de tempos, dos dous personaxes coas súas as vidas e peculiaridades xa que con personaxes ben construídas e complexas.

De todo o que coñezo da escrita de Mario, onde nos conta sempre historias moi ben contadas, considero que esta é, se cadra a máis intimista, a máis persoal, sen esquecer a temática tratada noutras das súas obras, da denuncia política e social, do relato xeracional de *L'affiche rouge*. Denuncia a precariedade laboral, o paro, a suposta necesidade da emigración, o abandono da aldea e a perda que iso supuxo a demasiados niveis.

E Mario non se esquece da música nin da poesía no seu relato, recursos xa utilizados polo autor noutros libros. Coloca unha canción en cada capítulo, alén de que un dos irmáns é cantante. Hai quen lle puxo música a *Outono aquí: Les feuilles mortes*, canción francesa moi coñecida e interpretada por numerosos artistas, onde se canta con nostalgia ao amor perdido, ás lembranzas e que dá título ao libro...Apunto, se me deixa o autor, que a miña música para este libro, a súa BSO é *Le Temps de Cerises*, canción que foi no seu día como un himno para Comuna de París. Constrúe diálogos e pasaxes cunha prosa poética ou poesía narrativa de grande calidade e delicadeza.

Apunto tamén, que para min, aínda que sei que estou errada, Mario fala de Ferrol na novela, do barrio de San Xoán, tronzado pola autoestrada. Iso foi o que me evocou ler o

segundo capítulo, cando nos conta que os nenos xogaban á guerra, na aldea abandonada, inocentes, como se a guerra fose algo ao que se pode xogar; malia que sei que, polo tempo histórico non pode referirse á autoestrada ferrolá.

Agradezo que explicita a violencia doméstica, esa que semella sempre lle acontece aos outros. Mario é valente e colócaa en primeira persoa na boca dun dos protagonistas, ese que quedou con cicatrices e non só no corpo. E fala do rancor e da culpa subxacentes da educación católica...que non lles impide aos protagonistas, construír, aínda que con moito esforzo, unha identidade propia e vivir con liberdade calquera tipo de relación sexual.

Déixovos con Mario Regueira, xa que el é o verdadeiro protagonista hoxe, e que vos fale un pouco máis sobre *Outono aquí*.